

Expediente núm.: 1019/2025

Acta da comisión de avaliación

Procedemento: Subvencións por Concorrenza Competitiva

Asunto: Subvencións municipais para entidades deportivas do Concello de Meis para o ano 2025

Trámite: Proposta de Resolución Definitiva

Lugar de celebración: Salón de Plenos da Casa Consistorial

Data: 12 de novembro de 2025

Hora comezo: 13:15

Hora remate: 13:25

Asistentes:

Presidente: Dona Marta Giráldez Barral, Alcaldesa.

Vogais:

Don Martín Casais Doval, Concelleiro.

Dona María del Carmen Rey Romero, empregada pública.

Secretario: Don Francisco Javier Martínez Sánchez, empregado público.

Orde do día:

1.- Proposta de resolución definitiva de subvencións municipais para entidades deportivas do Concello de Meis para o ano 2025.

2.- Rolda de intervencións.

Antecedentes:

1.- En data 11 de setembro de 2025 incoase procedemento de concesión de subvencións outorgadas ás entidades en réxime de concorrencia, en concreto, a convocatoria das subvencións municipais para entidades deportivas do Concello de Meis.

2º.- Consta incorporado ao expediente documento contable de retención de crédito número 3222 na aplicación orzamentaria 2025/341/48005 polo importe de 18.000,00 euros, polo concepto "*Subvencións a entidades deportivas do Concello de Meis*".

3º.- Mediante Decreto da Alcaldía número 2025-0541, de 11 de setembro de 2025, aprobase a convocatoria e as bases específicas das subvencións, por procedemento de concorrencia competitiva, para as entidades deportivas do Concello de Meis para o ano 2025.

4º.- Con data 11 de setembro de 2025 procedese a rexistrar as bases e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, para a posterior publicación dun extracto de convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra número 176, de data 16 de setembro de 2025.

5º.- As solicitudes presentadas son as seguintes:

C.I.F.	ENTIDADES
G36569416	Club Armenteira e Punto



G36362127	Zacande Fútbol Club
G36151462	C.D. Mosteiro
G36114056	Agrupación Deportiva Chan do Fento
G36215655	Soc. De cazadores de Meis

6º.- A comisión encargada da avaliación das solicitudes, con data 6 de novembro de 2025, adopta a seguinte proposta de resolución provisional:

Primeiro.- Outorgar a cada proxecto de actividades presentado polas entidades solicitantes, os puntos que se relacionan no Anexo I, asignando a puntuación dos criterios establecidos nas bases que rexen a convocatoria.

Segundo.- Atribuír un valor de 25,86 euros a cada punto recibido polas entidades relacionadas no anexo I -Fútbol e ciclismo- e 9,12 euros a cada punto recibido polas entidades relacionadas no anexo II -Outros deportes- , atribuíndo os importes en función dos puntos recibidos por cada proxecto. O valor do punto e a contía da subvención pode sufrir modificacións no suposto de admisión de alegacións contra esta proposta de resolución provisional.

Terceiro.- Publicar a proposta de resolución provisional no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis (<https://meis.sedelectronica.gal>), e adicionalmente na páxina web municipal, aos efectos de que as entidades solicitantes, por medios electrónicos e nun prazo non superior a 3 días hábiles a contar dende o día seguinte á data de publicación, presenten as alegacións que estimen procedentes.

7º.- O anuncio que contén a proposta de resolución provisional publícase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello o día 06.11.2025, deixando de estalo o día 11.11.2025.

Incorpórase ao expediente certificado de exposición. Faise constar, que durante o prazo concedido, non se presentan alegacións.

Deliberacións:

O artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, indica expresamente que *“A xestión das subvencións á que se refire esta Lei realizarase atendendo aos seguintes principios:*

- a) Publicidade, transparencia, concorrancia, obxectividade, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.*
- c) Eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos.”*

A concesión das subvencións ten sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria destinada para tal fin, segundo consta na convocatoria. A Base Oitava indica que os criterios que se terán en conta para a concesión das subvencións e para determinar a súa contía serán os seguintes:

8.1. FÚTBOL E CICLISMO:

Os criterios que se terán en conta para a concesión das subvencións e para determinar a súa contía serán os seguintes:



1. Número de ADESTRADORES/AS TITULADOS/AS con licencia en vigor: MÁXIMO 15 puntos, puntuándose só a titulación máis alta de cada adestrador.

CATEGORÍA	PUNTUACIÓN
Monitor/a	1 punto
Adestrador/A nivel I, II, rexional, territorial ou provincial, técnico/a deportivo/a en actividade física	5 puntos
Adestrador/a nacional	10 puntos
Licenciado/a-Graduado/a en ciencias da actividade física e o Deporte	10 puntos

2. Número de FICHAS FEDERATIVAS dadas de alta a partir da categoría de XUVENIL en fútbol e SUB23 en ciclismo (incluídas): 1 punto por ficha para a categoría masculina e 1 punto máis a maiores para as fichas femininas, ata un MÁXIMO de 125 puntos. Para a súa xustificación será necesario achegar certificación ou documento oficial da correspondente federación.

3. Número de CATEGORÍAS DEPORTIVAS en competición da entidade, a partir da categoría de XUVENIL en fútbol e SUB23 en ciclismo (incluídas): MÁXIMO de 25 puntos. Para a súa xustificación será necesario achegar certificación ou documento oficial da correspondente federación.

CATEGORÍA		PUNTUACIÓN
FÚTBOL	CICLISMO	
XUVENIL	SUB23	10 puntos
SENIOR	ELITE	10 puntos
VETERANOS	MASTER	5 puntos

4. Nivel de competición: Valorarase, en cada caso, o nivel en que está competindo cada categoría, ata un MÁXIMO de 25 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

NIVEL DE COMPETICIÓN	PUNTUACIÓN
COMARCAL	5 puntos
PROVINCIAL	10 puntos
AUTONÓMICA	10 puntos
NACIONAL	15 puntos
INTERNACIONAL	15 puntos

5. Funcionamento de escolas deportivas: Valorarase, en cada caso, a promoción do deporte nas categorías de PREBENXAMÍN a CADETES en fútbol (ou denominacións semellantes) e BENXAMÍN a JUNIOR en ciclismo (ou denominacións semellantes), ambas incluídas, ata un MÁXIMO de 150 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- Número de fichas federativas dadas de alta: 1 punto por ficha ata un MÁXIMO de 100 puntos. Para a súa xustificación será necesario achegar certificación ou documento oficial da correspondente federación.
- Número de categorías deportivas en competición da entidade: 5 puntos por categoría ata un MÁXIMO de 25 puntos. Para a súa xustificación será necesario achegar certificación ou documento oficial da correspondente federación.
- Nivel de competición: valorarase, en cada caso, o nivel en que está competindo cada categoría, ata un MÁXIMO de 25 puntos, cos mesmos criterios descritos no apartado 4 anterior das actividades incluídas no eido deportivo.



6. Colaboración con outras entidades e/ou asociacións na promoción e realización de EVENTOS SOLIDARIOS: por cada actuación 2 puntos, ata un MÁXIMO de 10 puntos.

8.2. OUTROS DEPORTES:

1. Número de ADESTRADORES/AS TITULADOS/AS con licencia en vigor: MÁXIMO 15 puntos, puntuándose só a titulación máis alta de cada adestrador.

CATEGORÍA	PUNTUACIÓN
Monitor/a	1 punto
Adestrador/A nivel I, II, rexional, territorial ou provincial, técnico/a deportivo/a en actividade física	5 puntos
Adestrador/a nacional	10 puntos
Licenciado/a-Graduado/a en ciencias da actividade física e o Deporte	10 puntos

2. Número de FICHAS FEDERATIVAS dadas de alta a partir da categoría de JUNIOR ou equivalente: 1 punto por ficha para a categoría masculina e 1 punto máis a maiores para as fichas femininas, ata un MÁXIMO de 125 puntos. Para a súa xustificación será necesario achegar certificación ou documento oficial da correspondente federación.

3. Nivel de competición: Valorarase, en cada caso, o nivel en que está competindo cada categoría, ata un MÁXIMO de 25 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

NIVEL DE COMPETICIÓN	PUNTUACIÓN
COMARCAL	5 puntos
PROVINCIAL	10 puntos
AUTONÓMICA	10 puntos
NACIONAL	15 puntos
INTERNACIONAL	15 puntos

4. Funcionamento de escolas deportivas: Valorarase, en cada caso, a promoción do deporte nas categorías de PREBENXAMÍN a CADETES (ou denominacións semellantes), ambas incluídas, ata un MÁXIMO de 150 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- Número de fichas federativas dadas de alta: 1 punto por ficha ata un MÁXIMO de 100 puntos. Para a súa xustificación será necesario achegar certificación ou documento oficial da correspondente federación.
- Número de categorías deportivas en competición da entidade: 5 puntos por categoría ata un MÁXIMO de 25 puntos. Para a súa xustificación será necesario achegar certificación ou documento oficial da correspondente federación.
- Nivel de competición: valorarase, en cada caso, o nivel en que está competindo cada categoría, ata un MÁXIMO de 25 puntos, cos mesmos criterios descritos no apartado 4 anterior das actividades incluídas no eido deportivo.

5. Colaboración con outras entidades e/ou asociacións na promoción e realización de EVENTOS SOLIDARIOS: por cada actuación 2 puntos, ata un MÁXIMO de 10 puntos.

Compróbase de oficio que existe un erro na valoración da documentación achegada pola entidade "Club Armenteira e Punto" no apartado "Número de ADESTRADORES/AS



TITULADOS/AS con licenza en vigor", dado que a puntuación outorgada é de 23 puntos, cando a puntuación máxima a outorgar é de 15 puntos.

Este erro implica unha modificación no total de puntos asignados á Entidade (205 en lugar de 213 puntos). Tamén o erro conleva a modificación do valor do punto, que pasa de 25,86€ a 26,22€.

Acordos:

En virtude do exposto, a comisión encargada da avaliación das solicitudes ten en consideración os datos achegados polas diferentes entidades, procedendo a baremación e reparto total de axudas solicitadas, co límite máximo por entidade de 9.000,00€, elevando a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA:**

Primeiro.- Outorgar a cada proxecto de actividades presentado polas entidades solicitantes, os puntos que se relacionan no Anexo I, asignando a puntuación dos criterios establecidos nas bases que rexen a convocatoria.

Segundo.- Atribuír un valor de 26,22 euros a cada punto recibido polas entidades relacionadas no anexo I -Fútbol e ciclismo- e 9,12 euros a cada punto recibido polas entidades relacionadas no anexo II -Outros deportes- , atribuíndo os importes en función dos puntos recibidos por cada proxecto.

Terceiro.- A proposta de resolución, previo informe da Intervención municipal, será resolta polo órgano competente no procedemento, concedendo ou denegando definitivamente a subvención.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, asinándose a presente acta polo Secretario e Presidenta da Comisión na data indicada na firma electrónica.

A PRESIDENTA DA COMISIÓN AVALIADORA
Dña. Marta Giráldez Barral

O SECRETARIO DA COMISIÓN AVALIADORA
D. Francisco Javier Martínez Sánchez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE



ANEXO I (FÚTBOL E CICLISMO)

Consonte estes criterios resulta a seguinte valoración:

NIF	ENTIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN						TOTAL PUNTOS	IMPORTE SOLICITADO €	PROPOSTA CONCESIÓN IMPORTE € (Máx. 9.000,00)
		ADESTRADORES	FICHAS	CATEGORÍAS	NIVEL COMPETICIÓN	ESCOLAS DEPORTIVAS	COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES			
G36569416	Club Armenteira e Punto	15	68	25	15	42+25+15	-	205	-	5.375,10
G36362127	Zacande Fútbol Club	5	57	15	10	-	-	87	3.000,00	2.281,14
G36151462	C.D. Mosteiro	15	88	25	10	103+25+10	2+2	280	10.000,00	7.341,60

ANEXO II (OUTROS DEPORTES)

Consonte estes criterios resulta a seguinte valoración:

NIF	ENTIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN					TOTAL PUNTOS	IMPORTE SOLICITADO €	PROPOSTA CONCESIÓN IMPORTE € (Máx. 9.000,00)
		ADESTRADORES	FICHAS	NIVEL COMPETICIÓN	ESCOLAS DEPORTIVAS	COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES			
G36114056	Agrupación Deportiva Chan do Fento	10	125	10	100+15+15	-	280	6.000,00	2.553,19
G36215655	Soc. De cazadores de Meis	-	39	10	-	-	49	3.000,00	446,81

